

**SORTEO:** se hai máis solicitudes que prazas ofertadas, terá lugar un sorteo o día 4 de decembro na Fábrica ás 11.30 h, no que terán preferencia os participantes empadroados.

**INSCRICIÓN:** do 9 ao 15 de decembro os participantes con praza terán que formalizar a inscrición enviando o xustificante de pago cuberto e aboadado por correo-e a “ensino@oleiros.org”.

**REUNIÓN INFORMATIVA:** o día 18 de decembro ás 20.15 h no Auditorio da Fábrica en Sta. Cristina.

#### QUE HAI QUE LEVAR?

- Unha mochila pequena e cómoda para os paseños
- A merendiña sana e saudable para a media mañá
- Calzado cómodo e axeitado para camiñar e traballar na horta, que non sexa de estrea.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- Unha muda para posibles continxencias
- Gorriña ou pucho para o sol ou o frío
- Chuvasqueiro, por se chove
- Cantimplora ou botella de auga
- Un caderniño e un lápis: para recoller as sorpresas con palabras e bonitos debuxos.
- Lembrade de marcar toda a roupa e material que leven os nenos e nenas.

Outro material  
que tamén  
podes levar : ►

- Prismáticos: servirán para observar as aves e as paisaxes.
- Instrumento de música pequeno
- Contos

Cada día informaremos aos pais e nais para que saiban o material que se necesita para o día seguinte.

Máis información  
SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN  
Teléfono: 981-610000 Extensión 4922

Correo-e: [ensino@oleiros.org](mailto:ensino@oleiros.org)  
HORARIO XERAL:

O horario do CAMPANADAL é de 09:00 a 14:00 h.

Concello de  Oleiros

# Campa Nadal

**Decembro 2025**

Concello de  Oleiros

Campamento de tres días onde os nenos e nenas a través de actividades dinámicas e educativas, aprenderán de forma lúdica en contacto coa natureza e co medio, traballaremos na súa autonomía persoal e na adquisición de hábitos saudables.

Levarán a cabo obradoiros ao aire libre, horta ecolóxica, itinerarios e xogos tradicionais e sobre todo grandes xogos de animación.



PROGRAMA PARA O GRUPO DE 3 A 6 ANOS

| PROGRAMA PARA OS PEQUENOS E PEQUENAS (DE 3 A 6 ANOS) |                                                                           |                                                                                                                                                 |                                                                              |
|------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|
| DIAS HORARIOS                                        | 22/29 Decembro                                                            | 23/30 Decembro                                                                                                                                  | 24/31 Decembro                                                               |
| 9,00-9,20                                            | Recibimento das nenas e nenos e as familias... Debuxos e cores da emoción |                                                                                                                                                 |                                                                              |
| 9,20 -10,00                                          | Asemblea Programa xeral, e benvida ao inverno                             | Asemblea do día Contos e Cantos do Nadal                                                                                                        | Asemblea do día Estreliñas dos desexos                                       |
| 10,00-11,00                                          | Xogos en roda para coñecérmonos Visita do Apalpador*                      | BUS A CECEBRE Itinerario de descuberta a pé ao Bosque animado de Cecebre<br><br>Merendiña en ruta<br><br>Xoguiños no Parque Infantil de Crendes | Ruta á Finca da Carballeira Sementeira de árbores autóctonas                 |
| 11,00-11,30                                          | Merendiña                                                                 |                                                                                                                                                 | Merendiña no invernadoiro                                                    |
| 11,30-12,00                                          | Tempo libre para compartir                                                |                                                                                                                                                 | Tempo libre para compartir e contos emboscados                               |
| 12,00-12,45                                          | Obradoiro da árbore do Nadal, con materiais de refugallo e da Natureza    |                                                                                                                                                 | Obradoiro de arte efímero con follas, froitos e outros elementos da natureza |
| 12,45-13,15                                          | Xogo libre con xoguetes de madeira                                        |                                                                                                                                                 | Xogos na Finca da Carballeira                                                |
| 13,15-13,40                                          | Debuxiños nos cadernos e nos murais colectivos                            | Asemblea de lembranza do día, diario. Despedida agarimosa                                                                                       | Festiña con xogos, cancións e bailes Na Finca Tenreiro                       |
| 13,40-14,00                                          | Cantigas e bailes de despedida cos maiores                                |                                                                                                                                                 | Asemblea avaliativa final, diario. Despedida agarimosa!!                     |

\*A visita do Apalpador farase en calquera momento da xornada, segundo dispoñibilidade Nota: nalgún momento convido, este grupo visitará aos pequenos para facer algo en conxunto: actuación,baile, obradoiro,xogo,etc.

PROGRAMA PARA O GRUPO DE 7 A 11 ANOS

| PROGRAMA PARA OS NENOS E NENAS MAIORES (DE 7 A 11 ANOS) |                                                                              |                                                                                                    |                                                                                                                        |
|---------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| DIAS HORARIOS                                           | 22/29 Decembro                                                               | 23/30 Decembro                                                                                     | 24/31 Decembro                                                                                                         |
| 9,00-9,20                                               | Recibimento das nenas e nenos e as familias... Debuxamos o inverno e o Nadal |                                                                                                    |                                                                                                                        |
| 9,20 -9,45                                              | Asemblea inicial Programa xeral, normas de convivencia e material....        | Asemblea do día Contos e cantigas do Nadal                                                         | Asemblea do día Contos e cantigas do Nadal                                                                             |
| 9,45-10,30                                              | Xogo de pistas na Finca Tenreiro: Tendal de contos nas árbores               | Itinerario ambiental a pé á Finca da Carballeira<br><br>Obradoiro de viveiro de árbores autóctonas | BUS A STA CRUZ<br><br>Itinerario en bus a Santa Cruz                                                                   |
| 10,30-11,30                                             | Xogos cooperativos paracaídas Visita do Apalpador*                           |                                                                                                    | Xogo de pistas no Parque Rosalía Mera                                                                                  |
| 11,30-12,00                                             | Merendiña                                                                    | Merendiña No Parque de Nós                                                                         | Merendiña e tempo libre no Parque dos Patos de Sta Cruz                                                                |
| 12,00-12,30                                             | Tempo libre Xogos                                                            | Tempo libre Xogos no Parque de Nós                                                                 | Ruta polo Paseo da Pardela, As Galeras e Parque das Trece Rosas.<br><br>Investigación na praia de Bastiagueiro Pequeno |
| 12,30-13,30                                             | Obradoiro creativo da natureza: rinran de noz e outros instrumentos          | Xogos da Olimpíada do inverno                                                                      |                                                                                                                        |
| 13,30-14,00                                             | Cantigas e bailes de despedida cos pequenos                                  | Asemblea grupal, diario e lembranza do día. Despedida final                                        | Asemblea avaliativa final, diario e lembranza do día. Despedida final                                                  |

\*A visita do Apalpador farase en calquera momento da xornada, segundo dispoñibilidade Nota: nalgún momento convido, este grupo visitará aos pequenos para facer algo en conxunto: actuación, baile, obradoiro, xogo, etc.

- PRAZAS:** 60 para nenos e nenas nadas entre xaneiro de 2014 e decembro de 2022
- DATAS:** 1ª Quenda: 22, 23 e 24 de decembro
- 2ª Quenda: 29, 30 e 31 de decembro
- Horario: de 09.00 a 14.00 h.
- DESTINATARIOS/AS:** alumnado de Educación Infantil e Primaria.
- LUGAR:** Albergue Municipal Finca Tenreiro (Nós)  
Localización: <https://maps.app.goo.gl/ZZu72VBhpvei6gpB8>
- PREZO:** 19,00 €
- PREINSCRICIÓN:** desde o 24 de novembro ao 2 de decembro.
- Farase cubrindo o seguinte formulario de inscrición no seguinte vínculo: <https://www.oleiros.org/web/forms/shared/-/form/2141087>
- Podes acceder tamén escaneando o código QR 
- SORTEO:** se hai máis solicitudes que prazas ofertadas en cada grupo, terá lugar un sorteo o día 4 de decembro na Fábrica ás 11.30 h, no que terán preferencia os participantes empadroados.
- INSCRICIÓN:** do 9 ao 15 de decembro os participantes con praza terán que formalizar a inscrición preferentemente por correo-e (ensino@oleiros.org) enviando o xustificante de pago cuberto e aboadado.
- REUNIÓN INFORMATIVA:** o día 18 de decembro ás 20.15 h no Auditorio da Fábrica en Sta. Cristina.

